




PARQUE DE CASTRELOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas

ÁRBORES SENLLEIRAS DO PARQUE DE CASTRELOS



- 1-Plátano
- 2-Tuia xigante
- 3-Camelia
- 4-Tulipeiro
- 5-Rododendro
- 6-Pitosporo
- 7-Cerdeira
- 8-Magnolia grandiflora
- 9-Eucalipto
- 10-Acacia
- 11-Carballo
- 12-Ailanto
- 13-Fentos arbóreos
- 14-Araucaria do Brasil
- 15-Carpe
- 16-Faia púrpura
- 17-Arces xaponeses
- 18-Alcipreste dos pantanos
- 19-Piñeiro bravo
- 20-Cedro do Libano
- 21-Amieira
- 22-Castiñeiro de Indias
- 23-Secuoa vermella
- 24-Robinia
- 25-Pradairo
- 26-Faia

Unha camiñada para calquera tempo e para calquera idade, para gozar dos verdes novos na primavera, da sombra no verán, das cores no outono e dos días de sol no inverno. Un paseo no que non hai que dar moitas voltas para facer unha camiñada de 3 a 4 km e pasar un par de horas nun entorno no que a natureza e a man do home se complementan para facernos o traxecto e a estancia máis amenos e variados.

O conxunto de Castrelos, pazo e parque, foi doado ao pobo de Vigo por Fernando Quiñones de León, en decembro de 1924, coa condición de que se fixeran nel un museo e un parque público, é un recinto de máis de 23 ha formado por un conxunto de espazos verdes harmonizados como parque urbano. Integra os xardíns históricos e o bosque do Pazo, a arboreda de Castrelos, na que está incluído o auditorio e o estanque, e unha parte do Paseo do Lagares.

Este espazo está declarado Ben de Interese Cultural (BIC) e Xardín Histórico desde 1955. Conta cun aparcadoiro, un auditorio ao aire libre, xogos infantís, paneis informativos, e rótulos botánicos. Ademais algunhas árbores están incluídas no Catálogo de árbores senlleiras de Galiza: Musalén das camelias, carreira de eucaliptos, faias e tulipeiros de Virxinia.



Panorámica do parque de Castrelos no outono

ITINERARIO

Podemos comezar o percorrido en calquera dos accesos e seguir o itinerario que máis nos plazza, ou deixarnos levar dun punto ao outro sen rumbo fixo, pero nós propoñemos un roteiro que nos leva un pouco por todo o espazo, percorre todos os lugares de interese e e pasa ao pé de case todas as árbores e outras plantas que destacan entre as demais pola súa singularidade.

Partimos do aparcamento da parte alta, diante do pazo (un excelente representante da arquitectura barroca civil e pacega de Galiza, que acolle o museo Quiñones de León: cunhas salas de arqueoloxía, nas que están expostas pezas atopadas en distintos xacementos da cidade, un ambiente xeral das etapas de esplendor da vida do edificio, e a meirande colección de pintura galega) e despois de pasar polo xardín da entrada rodeámolo para facer un percorrido polos diferentes espazos nos que foi transformada, a finais do século XIX, a horta traseira, seguindo o deseño da empresa portuguesa "Jacintho de Mattos", e camiñar polas cinco hectáreas de xardín histórico divididas nun roseiral na parte superior, o xardín francés, o xardín inglés e o bosque, e gozar da presenza da auga nas fontes e dunha ruta botánica de alto valor estético con numerosas especies de árbores: palmeiras, camelias, magnolias, rododendros, tulipeiros, carballos, eucaliptos... algunhas de magnífico porte e características excepcionais. Rematado o percorrido interior baixamos pola estrada para desviarnos, case de seguida, á esquerda, e despois de pasar ao pé das faias, achegámonos á zona na que están plantados os arces xaponeses que sempre chaman a atención pola cor e o aspecto da súa follaxe, e a continuación dar unha volta arredor do estanque animado pola presenza de gaivotas, pombas, parrulos e outros paxaros de todos os días como os pardais, os merlos, as pegas, as torcazas, as rulas e as numerosas cotorras que poñen a nota de exotismo, logo camiñamos máis de medio quilómetro seguindo o curso do río Lagares, ata o límite do parque, e deixámolo logo para camiñar polas carreiras entre as árbores e subirmos ao aparcamento donde pechamos o círculo.

O río Lagares ao seu paso polo parque.



Unha das varias fontes que podemos atopar no percorrido polo xardín do pazo.

Castrelos na primavera

O estanque con parte dos habituais moradores



Tulipeiro de Virxinia (*Liriodendron tulipifera*)
-40 m de altura, 6,61 m de perímetro.
Incluído no catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza.



Tulipeiro de Virxinia (*Liriodendron tulipifera*)
-32,9 m de altura, 6,38 m de perímetro.
Incluído no catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza.




Ailanto (*Ailanthus altissima*)
-22 m de altura



Cerdeira, cereixeira
(*Prunus avium*)



Pitosporo (*Pittosporum undulatum*)
-15 m de altura, 2,65 m de perímetro.



Rododendro
(*Rhododendron arboreum*)
-1,89 m de perímetro.



Acacia (*Acacia melanoxylon*)
-4,33 m de perímetro



Carballo (*Quercus robur*)
-4,54 m de perímetro.



Eucaliptos (*Eucalyptus globulus*)
-54 a 59 m de altura e ata 6,30 m de perímetro.
Incluídos no catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza



Araucaria do Brasil
(Piñeiro do Paraná)
Araucaria angustifolia
-2,98 m de perímetro.



Magnolia
Magnolia grandiflora
-11 m de altura,
1,44 m de perímetro.



Magnolia
(*Magnolia grandiflora*)
-3,88 m de perímetro.



Carpe (*Carpinus betulus*)
Cinco exemplares. O máis grande mide
23 m de altura e 3,15 m de perímetro.



Cefaloteixo
(*Cephalotaxus fortunei*)



Pradairo
(*Acer pseudoplatanus*)
-34 m de altura e 2,72 m de



Faia púrpura
Fagus sylvatica "Atropurpurea"
Varios exemplares, a máis grande mide 38 m de
altura e 3,19 m de perímetro.



Faia (*Fagus sylvatica*)
-45,6 m de altura; 3,84 m de perímetro.
Incluída no catálogo de árbores senlleiras da
Xunta de Galiza.



Alcipreste de Leyland
(*Cupressocyparis leylandii*)



Arce real (*Acer platanoides*)
-34 m de altura, 2,45 m de perímetro.



Secuoia vermella
(*Sequoia sempervirens*)
-4,79 m de perímetro.



Arce xaponés
(*Acer palmatum*)



Amieira, ameneiro
(*Alnus glutinosa*)
-2,75 m de perímetro.



Castiñeiro de Indias
(*Aesculus hippocastanum*)
-3,49 m de perímetro



Robinia (*Robinia pseudoacacia*)
-3,05 m de perímetro.